




O dragón que sostén o mundo

Ajdard, le dragon · Marjane Satrapi · Nathan. 2002 · 32 páx. · 13,50 euros · Trad. española: **Ajdard** · Norma, 2006 · 15 euros

Ajdard é unha historia escrita e debuxada por Marjane Satrapi, a quen coñecemos pola célebre saga autobiográfica *Persépolis*. Segundo a súa contraportada é «un conto para nenos de todas as idades», aínda que debería dicir sinxelamente que é *un conto*, e deixar eses inventos das idades como invento editorial.

De calquera maneira o relato, centrado na viaxe da pequena Matilde ao interior da terra en busca dun dragón, lembra aquelas historias mitolóxicas que tratan de explicar os misterios da natureza. Neste senso, recolle tamén a idea da viaxe que pasa por diferentes puntos ou probas, a través das que Matilde vai atopando seres do máis extravagante, presentados pola autora con delicada orixinalidade. Ao mesmo tempo sérvese de grandes doses de imaxinación para falar do necesario respecto e responsabilidade que teñen os seres humanos coa Terra. E Satrapi consegue transmitir unha mensaxe optimista, cun final feliz, baseada na colaboración entre os seres.

Todo isto trátase coa sinxeleza que permite a linguaxe directa do conto. Nesa expresión é onde reside o moito encanto do libro. Aí e nos sinxelos pero contundentes

debuxos de Satrapi, no seu emprego da cor —igual de contundente— e na naturalidade coa que imaxe e narración forman un todo único e inseparable. A autora lévanos ante seres fabulosos, reis xustos e bondadosos e heroínas infantís que axudan a dragóns, sen caer na ñoñería nin no esperable. Nin en cousas peores, como a falta de historia ou o moralismo, que tan alegres campan polas páxinas das coleccións de libros que se din para nenos.

Pero aínda hai detrás de Ajdard, nome do dragón que soporta o peso do mundo, toda unha filosofía, unha maneira de ver a realidade, un ánimo co que situarse ante o mundo e os seus feitos. Satrapi apúntao ao final do libro: «Hai quen pensa que un elefante leva a terra sobre o lombo, outros cren que se trata dunha tartaruga. Pola súa parte os xeólogos pensan que non hai elefante nin tartaruga. (...) Eu estou convencida de que esa increíble calor procede do lume que cospe Ajdard».

Esa maneira de ver as cousas á que se refire a autora, que non é a dos xeólogos, a dos estudosos, a dos sabios..., é aquela na que se mira cando un aínda non se fixo o suficientemente adulto como para perder a capacidade de soñar. Algo que dende logo Satrapi conserva. E, agora que o penso, tal vez iso é o que fai de Ajdard un conto para nenos.

// **maría lado**